



*CREACION E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DE  
USO PÚBLICO: "CREACIÓN DE PARQUE DESTINADO  
A INFANCIA EN SAN FINS E AMPLIACION DO  
PARQUE INFANTIL DE SAN ANDRÉS"*



AGRUPACIÓN DOS CONCELLOS DE VEDRA E BOQUEIXÓN

Concello de Vedra, Setembro 2013

INFRAESTRUTURAS DE USO PÚBLICO EN ÁMBITOS URBANOS E RURAIS.

**INDICE**

1. OBXETO

2. PETICIONARIO

3. SITUACIÓN

4. CONTIDO DO ESTUDO

4.1 TITULO DO ESTUDO

4.2 MEMORIA EXPLICATIVA

4.3 PROGRAMA DE EXECUCIÓN

4.4 ESTADO ACTUAL DO ESPAZO MUNICIPAL

5. REPORTAXE FOTOGRÁFICA

6. ACTUACIÓN PREVIAS

7. ORZAMENTO

8. MEMORIA VALORATIVA

9. PLANOS

## **1. OBXETO**

Coas medidas previstas dentro do programa de axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de infraestruturas de uso público en ámbitos urbanos e rurais por parte dos concellos de Galicia publicadas no DOG de 09 de agosto de 2013 segundo a orde do 8 de agosto de 2013, a agrupación dos Concellos de Vedra e Boqueixón pretende a creación e mellora dunha zona recreativa e de lecer situada na zona de San Fins e San Andrés.


## **2. PETICIONARIO**

O peticionario da subvención é o Concello de Vedra con domicilio social na Avda. Mestre Manuel Gómez Lorenzo s/n, Vedra, de forma conxunta có concello de Boqueixón, concello limítrofe, co comparte ademais de fronteiras, bagaxe histórico-cultural e sistemas socio-económicos.

## **3. SITUACIÓN**

A agrupación dos concellos de Vedra e Boqueixón decidiron realizar a actuación no Concello de Vedra, na parroquia de San Fins e de San Andrés. Na próxima convocatoria realizarase no Concello de Boqueixón.

- ZONA DE ACTUACION DE SAN FINS



- ZONA DE ACTUACION DE SAN ANDRÉS



#### **4. CONTIDO DO ESTUDO**

##### **4.1 TITULO DO ESTUDO**

*"CREACION E MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS DE USO PÚBLICO: CREACIÓN DE PARQUE DESTINADO A INFANCIA EN SAN FINS E AMPLIACION DO PARQUE INFANTIL DE SAN ANDRÉS".*

##### **4.2 MEMORIA EXPLICATIVA**

A agrupación dos municipios de Vedra e Boqueixón comparten numerosas características debido principalmente a súa situación xeográfica e a que ambos se atopan influenciados pola proximidade coa capital de Galicia, Santiago de Compostela. Ambos concellos colaboran mutuamente en diferentes actividades e xa presentaron diversas subvencións de forma conxunta.

O concello de Vedra sitúase o sur da provincia de A Coruña, lindando polo norte cos concellos de Santiago de Compostela e Boqueixón, polo sur e este con A Estrada e polo oeste o de Teo. Ten unha extensión aproximada de 53 quilómetros cadrados, con 5043 habitantes que se distribúen en 12 parroquias.

A vida deste concello xira entorno o río Ulla, que se atopa ó sur do municipio facendo fronteira natural coa provincia de Pontevedra. Como elementos do patrimonio cultural do concello atopamos o Pazo de Ximonde ubicado en San Miguel de Sarandón e o Pazo de Santa Cruz de Ribadulla entre outros. Compre destacar como puntos de interese para o turismo as rutas de sendeirismos, a ruta do viño Ribeira do Ulla, a ruta da Camelia e a Vía da Prata, famoso camiño de peregrinación a Santiago de Compostela.

Este concello destaca pola sinxeleza dos seus veciños e o ser un concello rural con pequenos cultivos e granxas para consumos dos propietarios, así como a realización de viños e licores caseiros.

O Concello de Boqueixón atopase na comarca e na área de influencia de Santiago de Compostela a tan so oito kilómetros. Abrangue unha extensión de 73,18 km<sup>2</sup>, onde se reparten os seus 4417 veciños polas 14 parroquias que compoñen este concello.

A economía deste concello céntrase nas producións agrarias, horta e invernadoiros , destaca neste municipio a súa produción láctea e as explotacións avícolas dedicadas o consumo masivo. Por este motivo, creouse en Sergude a Escola de Extensión e Capacitación Agraria da Consellería de Agricultura. Ocupa o edificio do Pazo de Campuzano. Atopase tamén o Pazo de Pousada.

Este concello ademais conta con grandes lugares que compre destacar como son o Pico Sacro, airoso e dominante sobre os vales do curso medio do río Ulla, fonte de innumerables lendas e contos populares, este monte foi venerado polos habitantes da Comarca antes e despois do cristianismo. Dende a Ruta da Prata o Pico Sacro marca a derradeira etapa, sendo o primeiro lugar dende onde se ven as ansiadas torres da Catedral compostelana, cumprindo así un papel similar ao do Monte do Gozo no Camiño Francés. Outro destes grandes lugares é a parroquia de Lestedo moi coñecida debido a súa popular festa da filloa.

Neste anteproxecto recóllese a intención da Agrupación dos Concellos de Vedra e Boqueixón de promover neste 2013 as obras necesarias para a "CREACION E MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS DE USO PÚBLICO: CREACIÓN DE PARQUE DESTINADO A INFANCIA EN SAN FINS E AMPLIACION DO PARQUE INFANTIL DE SAN ANDRÉS".

### **4.3 PROGRAMA DE EXECUCIÓN**

O prazo de execución das obras estímase en Dous meses contados a partires da firma da correspondente Acta de Comprobación de Replanteo.

### **4.4 ESTADO ACTUAL DO ESPAZO MUNICIPAL**

Actualmente as zonas previstas para as obras atópanse con moi pouco uso, con abundante maleza e en xeral pouco coidadas, o que crea un feísmo e da sensación de abandono.

### **5. REPORTAXE FOTOGRÁFICA**

*Nas seguintes imaxes apreciamos a zona de actuación, así como os seus arredores.*

#### **PARQUE SAN FINS**








**PARQUE SAN ANDRES**







## 6. ACTUACIÓNS PREVISTAS

- *Adecuación e limpeza das zonas de actuación.*
- *Instalación de xogos infantís respectando as súas correspondentes áreas de seguridade en cumprimento de normativa actual sobre parques infantís.*
- *Colocación de papeleiras na zona de actuación de San Fins.*
- *Colocación de valla para o cercado lateral da pista multideportiva de San Andrés.*

## 7. ORZAMENTO

### I. PARQUE SAN FINS

#### CAP. 1.1. ACTUACIÓNS PREVIAS

- 1.1.1 Preparación do terreo mediante limpeza e desbroce superficial e retirado de terra de trazado de camiño a executar. Mediante medios manuais e mecánicos.

Prezo	Cantidade	Total
1,95	260,00	507,00

- 1.1.2 Preparación de bases para asentado de xogos e papeleras, mediante apertura de zanja de dimensións según proxecto, hormigonado das mesmas e curado, para posterior colocación dos elementos e tapado superficial con terra. Totalmente acabadas.

Prezo	Cantidade	Total
2259,66	1,00	2.259,66

#### CAP. 1.2. PARQUE INFANTIL

- 1.2.1 Suministro e instalación de parque con tellado a dúas augas, rampa comando e deslizador de aceiro inoxidable.

Prezo	Cantidade	Total
3528,20	1,00	3.528,20

- 2.2 Suministro e instalación de columpio de dúas plazas en madeira de sección cuadrada con barra superior en aceiro galvanizado.

Prezo	Cantidade	Total
1071,20	1,00	1.071,20

- 2.3 Suministro e instalación de balancín rústico de madeira laminada tratada en autoclave.

Prezo	Cantidade	Total
626,60	1,00	626,60

- 2.4 Suministro e colocación de muelle balancín de dúas plazas con decoración de barco.

Prezo	Cantidade	Total
1246,70	1,00	1.246,70

- 2.5 Suministro e instalación de columpio con asiento de bebé.

Prezo	Cantidade	Total
799,50	1,00	799,50

### CAP. 13 MOBILIARIO URBAN

- 1.3.1 Suministro e colocación de papeleras de chapa perforada de dobre pe, abatible e con sistema de bloqueo.

Prezo	Cantidade	Total
65,00	2,00	130,00

### 2. PARQUE SAN ANDRÉS

#### CAP. 21 - ACTUACIONES PREVIAS

- 2.1.1 Preparación do terreo mediante limpeza e desbroce superficial e retirado de terra de trazado de camiño a executar. Mediante medios manuais e mecánicos.

Prezo	Cantidade	Total
10,63	180,00	1.914,12

- 2.1.2 Preparación de bases para asentado de xogos e papeleras, mediante apertura de zanja de dimensións según proxecto, hormigonado das mesmas e curado, para posterior colocación dos elementos e tapado superficial con terra. Totalmente acabadas.

Prezo	Cantidade	Total
1970,67	1,00	1.970,67

#### CAP. 22 - PARQUE INFANTIL

- 2.2.1 Suministro e instalación de torre con tellado a dúas augas, corda, ponte oscilante con escaleira e deslizador de aceiro inoxidable.

Prezo	Cantidade	Total
4556,50	1,00	4.556,50

- 2.2.2 Suministro e instalación de rodillo de equilibrio de 3,48 metros de lonxitude.

Prezo	Cantidade	Total
639,60	1,00	639,60

- 2.2.3 Suministro e instalación de balancín rústico de madeira laminada tratada en autoclave.

Prezo	Cantidade	Total
626,60	1,00	626,60

#### CAP. 23 MOBILIARIO URBAN

- 2.3.1 Suministro e colocación de papeleras de chapa perforada de dobre pe, abatible e con sistema de bloqueo.

Prezo	Cantidade	Total
65,00	2,00	130,00

- 2.3.2 Suministro e colocación de cercado de madeira tratada en autoclave.

Prezo	Cantidade	Total
53,30	14,00	746,20

- 2.3.3 Suministro e colocación de cercado de malla en lateral de pista polideportiva mediante fixación de postes de 4 metros de altura e malla fixada a eles.

Prezo	Cantidade	Total
117,00	18,00	2.106,00

#### CAP. 3 XESTIÓN DE RESIDUOS

- 3.1 Ud. de clasificación a pé de obra de residuos resultantes de construción e/ou demolición en fraccións según RD/105/2008, con medios manuais, transporte de residuos a instalación autorizada

de xestión de residuos, con camión 20 T e tempo de espera para carga a máquina, con un recorrido de hasta 20 km e deposición controlada en centro de reciclaxe de residuos mezclados non perigosos (non especiais) procedente de construción e/ou demolición con código 170904 según Lista Europea de Residuos (ORDEN MAM/304/2002).

Prezo	Cantidade	Total
1371,51	1,00	1.371,51

#### **CAP. 4 - CONTROL DE CALIDADE**

4.1 Control de calidade durante a execución das obras.

Prezo	Cantidade	Total
342,88	1,00	342,88

#### **CAP. 5 - SEGURIDADE E SAÚDE**

5.1 Seguridade e saúde laboral durante a execución das obras, incluído o valado provisional perimetral á obra durante o período de duración das mesmas.

Prezo	Cantidade	Total
628,73	1,00	628,73

### **RESUMEN PRESUPUESTO**

CAP. 1.1 - ACTUACIÓN PREVIAS SAN FINS	2.766,66 €
CAP. 1.2 - PARQUE INFANTIL SAN FINS	7.272,20 €
CAP. 1.3 - MOBILIARIO URBÁN SAN FINS	130,00 €
CAP. 2.1 - ACTUACIÓN PREVIAS SAN ANDRÉS	3.884,79 €
CAP. 2.2 - PARQUE INFANTIL SAN ANDRÉS	5.822,70 €
CAP. 2.3 - MOBILIARIO URBÁN SAN ANDRÉS	2.982,20 €
CAP.3 - XESTIÓN DE RESIDUOS	1.371,51 €
CAP. 4 - CONTROL DE CALIDADE	342,88 €
CAP. 5 - SEGURIDADE E SAÚDE	628,73 €
<b>ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL</b>	<b>25.201,67 €</b>
GASTOS XERÁIS 13%	3.276,22 €
BENEFICIO INDUSTRIAL 6%	1.512,10 €
IVA 21%	6.297,90 €
<b>TOTAL</b>	<b>36.287,90 €</b>

VEDRA, 2013



Juan Pablo Feal Miragaya

Arquitecto Técnico

## **8. MEMORIA VALORATIVA**

A) *Realización de proxectos conxuntos presentados por agrupacións ou asociacións de concellos:*

*1. Pola presentación dunha solicitude conxunta: 10 puntos*

*O concello de Vedra presenta a solicitude de forma conxunta co concello de Boqueixón.*

*2. Polo número de concellos participantes no proxecto para o cal se solicita subvención: ata 5 puntos*

*O número de concellos participantes será de 2: Vedra e Boqueixón.*

*3. Repercusión do proxecto medida a través da cifra de poboación total dos concellos participantes: ata 5 puntos*

*O concello de Vedra conta cunha poboación de 5.043 habitantes*

*O concello de Boqueixón conta cunha poboación de 4.417 habitantes*

*En total os dous concellos suman unha poboación de 9.460 habitantes*

*4. Valoración dunha memoria de aforro de custos respecto da execución das actuacións subvencionadas de xeito individual: ata 10 puntos*

*Presentarase na memoria xustificativa da necesidade das obras un apartado coa memoria de aforro de custos.*

B) *Necesidade das actuacións solicitadas, en relación coa situación actual do concello, considerando as seguintes circunstancias obxectivas que supoñen unhas maiores necesidades de investimento en equipamentos sociais:*

1. *Dispersión da poboación calculada en número de habitantes por quilómetro cadrado: Ata 15 puntos*

*O Concello de Vedra ten unha superficie de 52,78 km<sup>2</sup>. A poboación total de Vedra é de 5043 habitantes ( IGE 01 de Xaneiro de 2012 ); Segundo estes datos o resultado que nos dá é de unha media de 95,55 habitantes por km<sup>2</sup>.*

*O Concello de Boqueixón ten unha superficie de 73,18 km<sup>2</sup>. A poboación total de Boqueixón é de 4417 habitantes ( IGE 01 de Xaneiro de 2012 ); Segundo estes datos o resultado que nos dá é de unha media de 60,36 habitantes por km<sup>2</sup>.*

2. *Maior ratio de poboación de menores de 10 anos censados no concello de acordo co último censo de habitantes, en relación ao total da poboación do concello: Ata 5 puntos*

*O número de habitantes do Concello de Vedra é de 5043 (IGE 01 de Xaneiro de 2012) dos cales 370 (INE 01 de Xaneiro de 2012) teñen menos de 10 anos, por tanto o 7,34 % da poboación do municipio ten menos de 10 anos, moi por encima da media doutros concellos.*

*O número de habitantes do Concello de Boqueixón é de 4417 ( IGE 01 de Xaneiro de 2012 ) dos cales 324 (INE 01 de Xaneiro de 2012) teñen menos de 10 anos, por tanto o 7,34 % da poboación do municipio ten menos de 10 anos, moi por encima da media doutros concellos.*

3. *Poboación de 65 ou máis anos en relación co total da poboación do concello: Ata 5 puntos*

O número de habitantes do Concello de Vedra é de 5043 (IGE 01 de Xaneiro de 2012) dos cales 1128 habitantes (INE 01 de Xaneiro de 2012) son maiores de 65 anos, por tanto o 22,37 % da poboación do municipio ten 65 ou máis anos en relación có total da poboación.

O número de habitantes do Concello de Boqueixón é de 4417 ( IGE 01 de Xaneiro de 2012 ) dos cales 977 habitantes (INE 01 de Xaneiro de 2012) son maiores de 65 anos, por tanto o 22,12 % da poboación do municipio ten 65 ou máis anos en relación có total da poboación.

4. Menor ratio de investimento subvencionado en relación co total da poboación do concello solicitante. Para estes efectos considerarase investimento subvencionado o importe total das subvencións concedidas ao concello nos últimos 3 anos, para actuacións sinaladas no artigo 1.2 destas bases reguladoras, con cargo aos créditos da Dirección Xeral da Administración Local e cofinanciadas co programa operativo Feder 2007-2013, no seu eixe 5 de desenvolvemento local e urbano, tema prioritario 58:  
Ata 10 puntos

O ratio de investimento subvencionado en relación có total da poboación dos concellos da organización achegaranse mediante ditos certificados.

5. Valoración da necesidade das actuacións para as cales se solicita a subvención, con base no contido da memoria presentada por cada entidade solicitante: Ata 15 puntos

A valoración da necesidade da actuación descríbese no memoria aportada xunto co resto de documentación para a solicitude da axuda.

6. Presentación dun compromiso da entidade solicitante co mantemento e actividade do investimento subvencionado: Ata 5 puntos

- Compromiso formal especificado pola entidade solicitante: ata 3 puntos

Os concellos de Vedra e Boqueixón comprométense a realizar o mantemento e actividade do investimento subvencionado.

- Compromiso formal en que ademais se achegue unha programación específica de dinamización en relación coa actuación proxectada: ata 5 puntos

Achegase unha programación específica de dinamización en relación coa actuación proxectada nun apartado da memoria xustificativa da necesidade das obras.

C) Valoración do esforzo fiscal do concello, determinado a contribución media por habitante ao orzamento liquidado do concello do ano 2011, de acordo coa formula: dereitos recoñecidos netos (capítulos I, II e III)/ nº de habitantes: Ata 10 puntos:

Achéganse os certificados do esforzo fiscal de cada concello da agrupación.

D) De conformidade co establecido no artigo 20.2.I da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por utilización da lingua galega na realización das actividades para as cales se solicita axuda, acreditada mediante compromiso expreso do concello achegado xunto coa solicitude: (10 puntos).

Os Concellos de Vedra e Boqueixón comprométense a que toda a sinalítica e demais elementos que procedan das actuacións subvencionables serán en lingua galega.

En Vedra, a 6 de Setembro de 2013



Asdo. D. Juan Pablo Feal Miragaya

Nº De Colexiado 2261 COAATAC A Coruña

Técnico Redactor